

Un paseo único con García Lorca pola súa amada Compostela

Pasear con García Lorca pola súa amada Compostela. Escoitalo recitar, cantar ou tocar o piano, observar como debuxa, como escribe, con quen fala, que lugares visita... Esta é a crónica do poeta andaluz que nos presenta Henrique Alvarellos, a dun escritor que se definiu como "poeta galego". Federico García Lorca viviu nesta cidade momentos inesquecibles.

Segunda edición actualizada dun volume ilustrado con máis de setenta documentos e fotografías, ademais de numerosas anécdotas e testemuños, moitos deles moi descoñecidos. Inclúe o trazado da primeira ruta lorquiana pola cidade de Santiago de Compostela.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, OUTONO, 2022.- Santiago de Compostela deixou **fascinado** a Federico García Lorca. Xa aos 18 anos, en 1916, cando descubriera a cidade durante unha viaxe de estudos por Galicia, escribiría «**Esto me hipnotiza**». Regresará a Compostela tres veces máis, todas en 1932, ben como conferenciante, sempre como famosísimo poeta e tamén como director de La Barraca. En Santiago é **recibido, arroupado e agasallado coa admiración e a sincera amizade** de toda unha xeración de estudantes e intelectuais que, naquel ano de ouro da República, inzan as rúas da medieval cidade coa súa nova ansia de cultura, galeguismo e liberdade.

Este libro, *Federico García Lorca en Santiago de Compostela* (Alvarellos Editora), escrito por Henrique Alvarellos, é a **crónica detida e minuciosamente documentada** desta relación do poeta coa cidade.


En Santiago, García Lorca dá a coñecer algúns dos versos inéditos de *Poeta en Nueva York*, debuxa, canta e toca o **piano** no Hotel Compostela, vivirá unha memorable noite teatral na Quintana e será retratado por **Carlos Maside e Luís Seoane**. Compostela é, finalmente, o fogar editorial dos *Seis poemas galegos*, esa impagable ofrenda literaria que o granadino tributará á nosa lingua e cultura.

UNHA RUTA CON 14 LUGARES IMPRESCINDIBLES

O presente libro camiña con Lorca polas rúas da cidade e relata polo miúdo estes días únicos (con

quen está, que fala, que visita...). Tamén recolle as súas impresións cando regresa a **Madrid** ou na súa viaxe a **Bos Aires**, onde falará de nós con enorme entusiasmo. O volume aporta numerosos datos e tamén **máis de setenta ilustracións e documentos**, algúns deles moi descoñecidos. E conclúe co rescate de valentes testemuños que, despois do seu asasinato, teimaron por manter viva, durante a *longa noite de pedra*, a memoria deste Lorca en Compostela. Como colofón, nesta obra trázase a primeira **Ruta lorquiana por Compostela**, onde se identifican e documentan 14 lugares imprescindibles.

HENRIQUE ALVARELLOS CASAS (Lugo, 1968) é escritor, editor e promotor cultural. Licenciado en Filoloxía Hispánica e Máster en Medios de Comunicación, dirixe Alvarellos Editora desde 2004 e é autor de varios libros. En 2018 rescatou a crónica esquecida da primeira viaxe de de Lorca a Galicia en 1916, que publicou como *El gran viaje de estudios de García Lorca* e no mesmo ano preparou a edición facsimilar e ilustrada dos *Seis poemas galegos*, título que recibiu o Premio ao Mellor Libro Editado de Galicia. En 2020 traduciu ao galego *Medio pan e un libro* (Kalandraka), a conferencia pronunciada por Lorca en 1931 na inauguración da biblioteca da súa localidade natal de Fuente Vaqueros. É tamén o impulsor do **DÍA DE GARCÍA LORCA EN GALICIA**, celebrado desde 2018 cada 25 de outubro.



Páxinas: 204. Formato 13 x 23 cms.
ISBN 978-84-18567-32-2 PVP: 19,80 €



Contacto co autor: quiquealvarellos@gmail.com - 981 522 137

Alvarellos Editora SL CIF B-70183082. Rúa de Sempre en Galiza, 4 (plaza interior)

15706 Santiago de Compostela. Tel 981 522 137 - 609 90 88 52 - prensa@alvarellos.info - www.alvarellos.info